

EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS DE DEBATE AO CADRO DE MANDO DO PLANO ESTRATÉXICO NA ÁREA DE RELACIÓNS COA SOCIEDADE

- Emendas ao obxectivo “Facilitar a relación dos Campus cos contornos metropolitanos”
 - En relación a o indicador “Usuarios do transporte público comarcal (ferrocarril e autobús)”, suxírese que se revise o nivel a acadar de 500 usuarios diarios en 2008, e, particularmente, que se aclare se inclúe os desprazamentos A Coruña -Ferrol.
 - Podería completarse coa elaboración, no horizonte do curso 2007/08, dun estudo de accesibilidade aos distintos campus.
- Emendas ao obxectivo “Potenciación da proxección e a imaxe da UDC”:
 - O indicador “Número de noticias relacionadas coa UDC na prensa galega” podería estenderse tamén a outros medios de comunicación (radio e TV).
 - Podería incluírse un ou máis indicadores que recollan a presenza da UDC en Internet: Accesos á nosa web (totais, externos, no estranxeiro...), referencias en Google,...
- Corrección de erro: No obxectivo "Normalización da lingua galega", os niveis a acadar nos indicadores "Número de asistentes a cursos de lingua de especialidade para PDI" e "Número de asistentes a cursos de lingua oral para PAS" aparecen intercambiados.
- Emendas ao obxectivo “Adaptación dos Campus da Coruña e Ferrol aos principios do urbanismo sostible e da arquitectura ecolóxica”:
 - Recoméndase engadir un indicador da porcentaxe da enerxía consumida que provén de fontes renovables.
- Emendas ao obxectivo “Fomento da cultura crítica, solidaria e participativa”:
 - En relación á participación estudantil, suxírese engadir o indicador “Número de estudantes inscritos en asociacións de estudantes”, que debería intentar incrementarse nun 10% anual.
 - En relación á cooperación e voluntariado:

- Proponse modificar o indicador “Número de estudantes que participan nos programas de cooperación e voluntariado” e considerar o “Número de colaboradores que participan nos programas de cooperación e participación social”.
 - Considérase máis realista situar o nivel a acadar nun aumento do 5% anual (en lugar do 15%).
 - Proponse engadir o indicador “Número de participantes en cursos de formación en cooperación, voluntariado e participación social”, sinalando como meta o incremento do 5% anual.
- o Deberían incluírse indicadores relacionados coa difusión do coñecemento libre, tais como:
- Traballos publicados con licencias abertas.
 - Uso de software libre: porcentaxe de ordenadores en AulasNet nos que está instalado...
 - Uso de estándares abertos: que toda a web da UDC use estándares abertos no 2008.
- o Suxírese engadir a elaboración, antes do final do período de vixencia do Plano Estratéxico, dun plano de atención á multiculturalidade.
- Incorporación dun obxectivo: Suxírese localizar o obxectivo “Realizar unha oferta residencial universitaria na Coruña e Ferrol” nesta área en lugar da de Docencia.
 - o O “Número de prazas residenciais universitarias en Ferrol” máis realista é de 150 (non 200).